

Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **6 de novembro de 2019** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

IV.- No que respecta ao expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado “Ampliación do Monte Lomba”, a favor da CMVMC de Alvite, no Concello de Beariz, compareceu Carlos Gulía Roo.

O Xurado, examinada a documentación obrante no expediente, acordou a clasificación do monte, unha vez publicado polo Concello o edicto do inicio da clasificación como monte veciñal en man común polo período dun mes sen que se presentasen alegacións, publicado tamén o edito no DOG e recibida a certificación do Rexistro da Propiedade.

Vº. e prace

O Presidente do Xurado

Yago Borrajo Sánchez



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EDICTO do 5 de febreiro de 2020, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado ampliación do Monte Lomba a favor dos veciños/as de Alvite, na parroquia de Beariz (Santa María), no concello de Beariz (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 6 de novembro de 2019, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado ampliación do Monte Lomba a favor dos/das veciños/as de Alvite, na parroquia de Beariz (Santa María), no concello de Beariz (Ourense), resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 28 de febreiro de 2019, tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Carlos Gulías Roo, no que solicita a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas ampliación do Monte Lomba.

Segundo. Con data do 13 de marzo de 2019, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e realizando as comunicacións e publicacións ás que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentara ningunha.

CVE-DOG: qljzxd7-f6i6-hog7-srr4-2cyb9kzjgr2



Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación obrante no expediente, descríbese así:

Nome do monte: ampliación do Monte Lomba.

Superficie: 12,16 ha.

Pertenza: CMVMC de Alvite.

Parroquia: Beariz (Santa María).

Concello: Beariz.

Descrición dos predios que constitúen o monte:

Os terreos obxecto da solicitude constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. As parcelas catastrais que o forman están separadas por camiños que corresponden ás parcelas catastrais nº 9018, do polígono 3, e á parcela catastral nº 9001, do polígono 23; do concello de Beariz. O monte está constituído polas tres parcelas catastrais seguintes:

Concello	Polígono	Parcelas
Beariz	23	830
	30	940-943

Parcelas catastrais lindeiras:

Linde	Polígono	Parcelas catastrais
Norte	3	916-917-9019-9022-926-925-919-923-924-927-928
Leste	3	9001-922-921-920
	23	9002-832-9003-757-759-760-761-770-771-772-773-775-777-778-815-816-822
Sur	23	821-900-899-824-825-826-827-828-829-892
Oeste	23	888-887-886-937-885-884-883-882-881-833-912-909-913-908

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal



carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo servizo de Montes, e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado ampliación do Monte Lomba a favor dos veciños/as de Alvite, na parroquia de Beariz (Santa María), no concello de Beariz (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de

CVE-DOG: qljzxd7-f6i6-hog7-srr4-2cyb9kzjgr2




dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 5 de febreiro de 2020

Yago Borrajo Sánchez
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Ourense

CVE-DOG: qljzxd7-f6i6-hog7-srr4-2cyb9kzjgr2





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Servizo de Montes de Ourense

SOLICITUDE DE CLASIFICACIÓN DO MVMC "AMPLIACIÓN DO MONTE LOMBA", A FAVOR DA CMVMC DE ÁLVITE, DA PARROQUIA DE BEARIZ (BEARIZ)

LENDAS	
	MVMC "AMPLIACIÓN DO MONTE LOMBA"
	PARCELAS CATASTRAIS DE BEARIZ

SISTEMA DE REFERENCIA
ETRS89
COORDENADAS UTM
FUSO 29

ESCALA 1:5000	NOVEMBRO DE 2018	BASE CARTOGRÁFICA: PNOA 2017 E CARTOGRAFÍA VECTORIAL DA "DIRECCIÓN GENERAL DEL CATASTRO"
---------------	------------------	--